

CARLOS CASARES, ARTICULISTA *VERSUS* COLUMNISTA

Luís Álvarez Pousa
Universidade de Santiago de Compostela
Director de *Tempos Novos*

Resumo: A popularidade que acadou a sección diaria “Á marxe” no xornal *La Voz de Galicia* catalogou como columnismo todo o que o escritor ourensán/limiao Carlos Casares publicou na prensa ata o día da súa morte. Asumilo así, segundo subliña o autor deste texto, aparte de reducionista pode dar pé a pensar que o escritor se refuxiou no que desde a óptica do xornalismo é un xénero menor para eludir un posicionamento argumentado do acontecer. A opción do columnismo veulle inducida. Os artigos do diario *El País*, cos que compatibilizou a súa continua e profusa presenza no xornal dos Fernández Latorre, e nos que deixou a pegada creativa do gran narrador de ficción que foi, serven para o contraste.

Abstract: The popularity enjoyed by “Á marxe”, the daily column which Carlos Casares wrote for the newspaper *La Voz de Galicia*, had as a consequence that all his writings for the press were labelled as “columnismo”. The author of this paper argues that this labelling is reductive and misguided because it implies that Casares took refuge in “columnismo”, often seen as a minor journalistic genre, to avoid taking a well-reasoned stand on current events. Actually the option of “columnismo” was for him an induced one. The articles which Carlos Casares published in the newspaper *El País* at the very same time that he was writing his column in *La Voz de Galicia*, show us his mastery of narrative fiction and are a fitting example to contrast with the texts of “Á marxe”.

Palabras chave: Carlos Casares, prensa, xornalismo, articulismo, columnismo, retórica.

Key words: Carlos Casares, Press, Journalism, newspaper articles, newspaper columns, Rhetoric.

1.

Cada medio de comunicación produce a súa propia actualidade servíndose dunha multiplicidade de voces, que non poden ser analizadas á marxe dun sistema de valores no que están inseridas, aos que responderán de diferente maneira segundo a relación que teñan cos feitos e segundo a capacidade de cada unha para explicalos e interpretalos.

Nesa converxencia de voces, nesa intersubxectividade, calquera que teña esa capacidade pode e debe ser tido en conta no proceso de conformación da actualidade no medio de que se trate (xornal, informativo audiovisual...). Empezando polos expertos, como fontes cualificadas que son, e seguindo polos creadores de discurso sobre as causas e as consecuencias dos acontecementos de actualidade. O **intelectual e o escritor intelectualizado**, entre eles.

Tradicionalmente, veuse definindo como **intelectual** a aquela persoa que, por mor da súa acreditada especialización no ámbito académico, ou no mundo da cultura, intervén na conformación da opinión pública. Xa que logo, vincúlase esa figura coa emerxencia do que se entende por **espazo público**, o ámbito de debate ao que concorren e no que se enfrontan a política (as estruturas de poder e as súas institucións), o Estado en definitiva, e a sociedade civil. O intelectual aparece na modernidade burguesa, que é cando o Estado se configura como o entramado institucional dun poder desacralizado, paulatinamente en trance de democratización, coincidindo coa emerxencia dunha sociedade secularizada que reivindica o pluralismo como un valor. É cando a combinación de análise social, reflexión sobre acontecementos políticos e crítica do poder pasa a ser sinal de identidade de cantos nese período histórico se recoñecen como intelectuais. Sobre todo, nos países anglosaxóns. Pero tamén en España, se ben co retraso que forzou a ditadura franquista.

Cando o que coñecemos como “réxime do 78” abría o seu percorrido posconstitucional, estaba xa en marcha noutras latitudes unha reformulación da tarefa ou función social dos intelectuais. Vén urxida polo que en termos sociais, culturais e políticos vai comportar a revolución informacional, xeradora de novas redes sociais, que asumen en si mesmas a conformación do que o filósofo Javier Echeverría define como “terceiro entorno”, unha nova ágora coa que se amplía o espazo público. Especialmente durante os anos 80 e 90 opéranse grandes cambios e transformacións no sistema de relacións e no sistema de comunicación, quérese dicir, de mediación. É o que permite falar de procesos democratizadores inexistentes ata entón. Todos os cidadáns e cidadás adquiren unha maior capacidade para accederen á información e ao coñecemento, algo que viñera estando só ao alcance dalgúns, e conseguintemente, todos os cidadáns e cidadás teñen o dereito

e o deber de intervir na formación da opinión pública e da vontade colectiva. Velaí o seu poder comunicativo.

Iso leva a pensar na non necesidade de mediadores ou intermediarios (como o viñeran sendo ata entón os intelectuais, e tamén os xornalistas). Velaí polo que se fai imprescindible unha reformulación radical da “función intelectual”, que ata entón se entendera ligada ao *compromiso sartriano*, ou o do intelectual que, en calidade de modelo público, se molla no social e no político achegando argumentos, axuizando sempre esas realidades a partir dos valores universalmente recoñecidos. Foi así como esa función se mantivo activada a través de múltiples acontecementos que protagonizaron, case sempre de forma conflitiva o século XX.

Esa condición de intelectual, e o que entendemos como “función intelectual” de cantos e cantas se consideran tales (sexa os do grupo de científicos e investigadores, sexa os do grupo de literatos/escritores e artistas), e tamén esa súa dimensión virtuosa á *sartriana* estivo durante moitos anos reservada a moi contados personaxes, e sempre á marxe de se estaban ou non presentes nos medios de comunicación. A mediación que viñeran exercendo en calidade de modelo público entra en crise (porque entran en crise todos os actores que tradicionalmente actuaban como intermediarios e intérpretes do acontecer social e político).

Para recuperar ese seu poder de mediación (e o que vou dicir tamén serviría para revalidar a necesidade intermediaria do xornalista), o intelectual desta nova época –tecnolóxica, científica, mediática– ha ter que redefinir a súa función social, ou o que tradicionalmente se entendeu por compromiso. Esa función social, ou se se quere ese compromiso, non o manifestará tanto poñéndose á fronte da manifestación como favorecendo estados de conciencia social que redunden na prevención de canto puidera chegar a desencadear, neste tempo de incerteza e de riscos, desequilibrios estruturais ou acontecementos humana e socialmente regresivos. Non o manifesta tanto inflamando mobilizacións contra situacións ou accións inxustas, como iluminando grazas aos coñecementos dos que dispón realidades que, por mor da súa complexidade, fosen difíciles de percibir na súa raíz e nos seus procesos de desenvolvemento e explosión social.

Pero non o poderán facer valéndose dos seus propios recursos, a través exclusivamente da súa obra literaria ou ensaística, e dos foros institucionais e académicos nos que acostumaban a proxectar as súas ideas e tamén a proxectarse no espazo público. No tempo en que, por mor da explosión tecnolóxica, se multiplican e democratizan as canles de comunicación, convertendo o sistema mediático no sistema medular das sociedades desenvolvidas, esa función social quedará forzosamente condicionada á receptividade que se lle outorgue nos modernos medios de comunicación. Contrariamente ao que viñera sucedendo, non son os medios os que precisan dos intelectuais e dos escritores intelectualizados que

teñen predicamento literario ou ensaístico para gañaren prestixio, senón que é ao revés: son eles os que precisan dos medios para teren ese predicamento social que antes se lles daba por suposto.

De *escritores intelectualizados* mudan en *escritores mediatizados*. Con consecuencias. Porque se ben é certo que a relación cos medios pode seguir frutificando para eles en oportunidades, non o é menos que comporta riscos. Queda moi indefenso o ámbito de liberdade do que gozaron mentres os medios necesitaron deles para crecer en prestixio social. Os máis avezados e/ou prestixiados poden permitirse o luxo de que se lles siga respectando o status de escritores intelectualizados (un valor *per se* nas páxinas e tribunas de opinión de certos xornais de referencia), sen verse por iso sometidos ao vaivén dos intereses corporativos, que son o principal obxectivo en tempos tan competitivos. Pero son os menos.

Sucede que actualmente os medios necesitan os intelectuais e os escritores non tanto para prestixiarse como para lexitimarse como produtos culturais, e en función diso a súa entrada nas páxinas de opinión –e de maneira moito máis visible nos espazos audiovisuais, como o podemos constatar na prolífica programación de faladoiros televisivos e radiofónicos, tan circenses– guíase menos polo efecto prestixio e moito máis polas estratexias produtivas e consumistas, tan en liña coa dimensión comercial/empresarial á que se entregan en prexuízo da súa dimensión normativa, social e cultural. Eis ao que quedan reducidos os *intelectuais* e os *escritores mediatizados*. Driblar esa interesada cooptación e instrumentalización non é precisamente doado. A non ser que os intelectuais e escritores renuncien a seguir mantendo esa relación cos medios. Ou que acerten a burlar esa comercial instrumentalización optando porque a súa presenza nas páxinas do xornal se manteña no terreo fronteirizo da opinión.

2.

A introdución que veño de facer considereina necesaria para mellor contextualizar o que me propoño sintetizar a respecto da presenza, en tanto que intelectual e/ou escritor, de Carlos Casares na prensa.

Son tres as cuestións que en relación co escritor ourensán/limiño quero subliñar e argumentar, a saber:

a) Carlos Casares valorou desde moi novo (coincidindo coa publicación da súa primeira obra de ficción, a dos contos de *Vento ferido*) o poder instrumental da prensa, e teima en ter acceso a ela para desa maneira ser recoñecido socialmente non só como creador literario, tamén e sobre todo como intelectual e como un activo cívico. O grao de ideoloxización e politización acadado nas aulas universitarias é alto, e ten inicialmente da figura e da función intelectual unha

concepción *sartriana*. Segue e admira os intelectuais da resistencia democrática á ditadura (José Luís Aranguren, García Calvo ou Sánchez Ferlosio, entre outros), e anos despois, xa en plena transición, tentará establecer coa nova prensa (e máis en concreto, con *El País*) o modelo de relación que eses mesmos intelectuais mantiñan con ela: velaí os oito artigos que de maneira espazada no tempo (o primeiro, en 1986 e o último, dous meses antes da súa morte no 2002), pero con semellante estrutura persuasiva, descritiva e argumentativa, publicará nese mesmo xornal madrileño na páxina de opinión máis relevante, a de Tribuna.

b) Sendo como era moi consciente do papel sequera reprodutivo que xogaban os medios de comunicación, eludiu moi pronto os prexuízos que os teóricos marxistas da Escola de Frankfurt lanzaran contra a prensa, e fíxose á idea de necesitar dela para acadar o grao de recoñecemento social que precisaban el (como intelectual) e a súa obra (como escritor galego). Non dubidarán, pois, cando se lle pon a tiro, en experimentar por primeira vez cos xéneros do xornalismo, e faíno inicialmente na prensa local de Ourense (*La Región*): a *crónica reportaxeada*, sete en total que escribe sobre a Suecia que vén de descubrir na primeira viaxe que fai a ese país nórdico en 1972, inmediatamente despois do seu casamento con Kristina; e o *artigo ou comentario de opinión*, que publicará semanalmente a partir do ano 1973 baixo o formato dunha sección de autor, “Con esta lupa”, que sempre tiña por pretexto unha ilustración referida a personalidades da actualidade internacional, tanto do ámbito político como do cultural, que facía expresamente para ela o debuxante ferrolá Siro López, a quen viña de coñecer na casa compostelá de Ramón Piñeiro.

c) Polo dito, que no que ten a ver como escritor na prensa a Casares se lle atribúa case en exclusiva a súa condición de columnista, e máis concretamente a de *columnista literario e/ou costumista*, xénero xornalístico que se abstrae para a súa construción da retórica argumentativa e persuasiva, e está xa que logo afastado do articulismo ou do comentario de opinión política, é reduccionista e inxusto. Porque ese encadramento no columnismo puidese dar a entender que renunciou voluntariamente a outros xéneros máis políticos ou aptos para a análise e o comentario político, que é o que desde un principio confesou que admiraba no modelo de relación que os intelectuais da oposición ao réxime da ditadura, primeiro, e dos primeiros anos da transición, despois, mantiveron coa prensa –no primeiro caso, a través das colaboracións nas publicacións aperturistas que naceron no tardo franquismo, e no segundo caso a través das cabeceiras que se estreaban en democracia–. Non descubro nada novo se digo que esa súa dedicación nos últimos anos ao columnismo diario –a exitosa sección “Á marxe”– foi cualificada en certos círculos culturais e políticos do país como *escapista*. E non foi así, como se deduce do seu historial mediático ata o derradeiro ano da súa vida.

Para corroboralo, traerei a colación o que el mesmo deixou por escrito no limiar que eu lle pedira para o libro *Na marxe de cada día*, unha recompilación das columnas que publicou durante o ano 1993, de cuxa edición me encargara cando era asesor na editorial Biblioteca Gallega:

O seu carácter de papeis marxinais non lle vén nin do desexo de permanecer a un lado, nin do medo de opinar sobre os grandes problemas que nos afectan a todos, senón **da necesidade de manterse fiel a si mesmo**. Isto último, ademais, non tanto por razóns de tipo moral, canto por causa da propia comodidade, esa virtude doméstica que consiste en facer as cousas como a un lle gustan. Ou como sabe, que vén ser o mesmo.

É certo que Carlos Casares sente desde sempre un grande atractivo polo xénero xornalístico que alguén definiu como “o das pequenas cousas”. Tamén o é que sempre se identificou cos que pasan por ser os máis grandes cultivadores do columnismo en España e Galicia (Camba, Ruano, Pla, Risco, Umbral...). Como é ben certo que acabou tendo do xénero, da súa estrutura e da súa linguaxe expresiva un dominio tan alto, que o fixo merecedor de que o seu nome pase a engrosar o parnaso no que se atopan eses e outros grandes mestres. É que se atopou moi cómodo recreando esas escenas da vida diaria (ese diario) coas que calquera podía identificarse –velaí a empatía que conseguiu con moreas de lectores e lectoras que o seguían, as máis delas achegándose por vez primeira ao galego grazas a el–.

Deixouno suxerido por escrito no citado limiar. Pero aínda que non o explícitase, coído que non sería difícil chegar á conclusión que apuntarei de seguido: que o do columnismo foi o reduto ao que o conduciron as correntes que de cando en vez removen as augas subterráneas dos medios e do xornalismo. Non optou por asentarse como colaborador fixo no diario *La Voz de Galicia* facendo valer a súa capacidade para desvelar e articular en relatos de gran factura narrativa –como o demostran os artigos publicados durante eses mesmos anos en *El País*– o que a actualidade política e social ía poñendo na axenda de cada día, e si como autor/escritor de columnas persoais, que na xerarquía dos xéneros xornalísticos de opinión é un xénero menor. Moi prolífico, iso si, pero menor.

Non está detrás o medo a entrar en formatos ou xéneros que requiren un seguimento dos acontecementos moi pormenorizado e unha contextualización (información, documentación) dos mesmos que obriga a cotexar e contrastar o sentido e a significación que achegan outros analistas noutros medios. Deixouno por escrito no citado limiar. Pero tamén podemos corroboralo noutro feito obxectivo. A proba de que non deixase de ter interese por manter activada a súa presenza na prensa con outros formatos de opinión máis políticos –a política na súa

acepción máis ampla, non na partidaria ou de faccións, que en pasando o ecuador da súa vida, cada vez lle interesaba menos— é que aproveitou as ocasións que se lle presentaron para practicalos. Velaí polo que compatibilizou entre a segunda parte da década dos 80 e o ano 2002 as súas colaboracións como columnista literario e/ou costumista de “Á marxe”, en *La Voz de Galicia*, e como articulista para as tribunas de *El País*, neste caso con entregas moi contadas e distanciadas no tempo, pero todas estruturadas en base a un esquema analítico perfectamente argumentado, co que asumía un punto de vista propio sobre determinados acontecementos políticos ou de base e intención política.

Algunha delas —a tribuna que ocupou co seu artigo “¿Colonia o champú?” (30/V/1988)— provocou unha auténtica poeira entre determinados sectores do nacionalismo galego, recibindo unha airada contestación de Xosé Manuel Beiras no mesmo diario. E non era para menos, porque o feito/acontecemento do que partía era o atentado co que o Exército Guerrilleiro destruíu o chalé de Manuel Fraga en Perbes, e a argumentación que utilizaba deixaba intencionadamente no aire a hipótese de que ese acto violento tiña un sostén teórico nos que tachaba de “nacionalistas radicais” (que todos traducimos daquela que se refería á UPG). Por certo, ese polémico título non o elixira el, que enviara o texto sen el, senón o seu amigo Juan Cruz, o intermediario que tiña en *El País*.

Lidas de conxunto, como veño de facer para preparar esta comunicación, non me cabe a menor dúbida de que Carlos tamén se sentía cómodo dándolle sentido a acontecementos ou sucesos que ocupaban a centralidade do debate público. Por caso, a moción de censura contra Fernández Albor (“La comedia humana”, 23/IX/1987), “tan bueno que durante años convivió con el lobo (Barreiro) sin darse cuenta de que en cada abrazo que le daba se jugaba la yugular”, aventurando non sen ironía que o que finalmente pode acabar sucedendo tras o experimento de Fernández Laxe-Barreiro é que veña Fraga Iribarne, porque “encarna bien las virtudes que debe tener un Mesías. Es puro: nadie le conoce comercio ilícito con las cosas de la política, es trabajador y posee energía para expulsar a los mercaderes del templo...”. Ou o sucedido tras embarrancar o Casón na costa de Fisterra e organizar o goberno tripartito de entón unha operación procesional que consistía en trasladar en bidóns os residuos contaminantes ata a planta de aluminio de San Cibrao, na Mariña lucense, nun artigo titulado “Una bomba en el fin del mundo” (31/XII/1987), que concluía así:

Sobre Galicia ha pasado estos días una nube tóxica que ha destruido fábricas, que ha puesto patas arriba la vida política del país y que ha dejado sobre el maltrecho cuerpo de la población el germen de un cáncer difícil de curar. La

desconfianza del pueblo en sus dirigentes se ha vuelto más espesa aún, casi irrespirable.

En “Una historia de amor” (15/X/1997) aborda Casares a confrontación electoral daquel ano 1997, construíndo un retrato a tres (Fraga, Abel Caballero e Xosé Manuel Beiras) que segue facendo as delicias de quen o le agora a tanta distancia.

En unas elecciones que se van a dirimir por amor, Beiras está muy bien situado para acudir al baile. Su aspiración no será bailar con la más guapa, que ya la tiene Fraga, y además le es fiel, sino darle algún pisotón a don Manuel, machacarle un callo si puede y evitar con todas sus fuerzas que Abel se quede con la segunda muchachita más hermosa de la fiesta.

Non foi por medo, efectivamente, que se acomodou –agás nesas incursións descontinuas, oito en total, máis un conto de Nadal, aparecidas en *El País*– de maneira tan decidida ao columnismo de *La Voz de Galicia*. Entón? A miña hipótese: Casares coñecía moi ben a filosofía empresarial e a liña editorial que en consecuencia marcaba todas e cada unha das decisións que se tomaban naquela época na sede coruñesa dese xornal. Manexaba moi boa información, e era un magnífico observador. Soubo que non era o mellor momento para que o diario apostase por incrementar o valor do coñecemento nese proxecto colectivo, senón por todo o contrario, porque o futuro das empresas mediáticas ía estar especialmente condicionado pola compulsiva e masiva produción de información. Lembro algunha que outra conversa que el e mais eu mantivemos ao respecto.

É aquí onde cobra sentido esoutra razón explicativa que deixou escriturada no limiar do libro *Na marxe de cada día*: **a necesidade de manterse fiel a si mesmo**. En efecto, o columnismo literario, co formato narrativo propio dun diario persoal, permitiríalle manterse á marxe (velaí a conexión simbólica coa mancheta da sección máis lonxeva das utilizadas por el) de calquera continxencia político/empresarial, cousa que en absoluto tería garantido no caso de que en vez de columnas persoais publicase como colaborador fixo artigos sobre a actualidade política, social e cultural de cada momento. Quérese dicir, que nunca ía ter necesidade de adaptar, rebaixar, axustar... o ton, ou retorcer o enfoque dos seus textos para salvar a súa continuidade no xornal.

En definitiva, entre as dúas opcións que me consta que se lle ofreceron, unha seguindo o modelo dos artigos que publicaría en *El País* e outra seguindo coa fórmula de “A ledicia de ler” –que experimentara con diferentes cadencias temporais entre os anos 1975 e 1990– escolleu a segunda. De termos en conta a inicial exposición que fixen a respecto da evolución das formas de relación coa prensa

por parte dos intelectuais e/ou escritores, Carlos Casares intelixentemente obviou quedar afectado polo que comportaría quedar a expensas da estratexia corporativa á que se deben, por lóxica editorial, todos cantos son cooptados para analizar a actualidade política e social. Obviou, en definitiva, quedar sometido aos protocolos rutineiros de adhesión á estratexia empresarial e editorial que se demanda dos *escritores mediatizados*. E tampouco lle ían garantir un status semellante ao que gozan contados intelectuais/escritores intelectualizados na prensa española de referencia –en *El País* e *La Vanguardia*, maiormente–, pois que no diario polo que máis interese tiña, *La Voz de Galicia*, observou que se impuxera unha estratexia produtiva que abeiraba a consideración do xornalismo como un modo máis de producir coñecemento. Nada, pois, de arriscar en perda de liberdade e autonomía.

É consciente de ata onde o poden deixar chegar nuns e noutros medios naqueles anos de fortes viraxes no modelo de negocio informativo, e esforzouse por adaptarse a eles, buscando os formatos de colaboración cos que garantir:

- a) a súa aceptación e a súa fácil integración no corpus opinativo do xornal (no de *La Voz de Galicia* e no de *El País*, ambos os dous medios de referencia nos seus respectivos ámbitos de difusión, pero de moi diferente cultura xornalística).
- b) a continuidade en ambas as dúas cabeceiras, sabendo de entrada que por tratarse dun escritor periférico, a súa presenza no diario madrileño sería descontinua, esforzándose por ofrecer para cada unha delas un formato e unha temática de colaboración que encaixen nas súas diferentes estratexias de produción.
- c) non ter que enfrontarse ao dilema do que é política ou politicamente correcto ou incorrecto, xerando por iso hipotéticos estados de depresión creativa, cos que a esas alturas da súa vida pública non estaba disposto a sufrir.

XORNALISMO E LITERATURA EN CASARES

Non quero abundar no que xa outros analistas teñen subliñado a respecto do dominio estrutural e expresivo que Carlos Casares demostrou ter nesa súa dedicación ao columnismo persoal, sexa o máis directamente ligado ao literario e/ou costumista (o de “Á marxe”), sexa o de opinión (“A ledicia de ler”). As características diferenciadoras son formalmente mínimas, pero así como nos relatos de “Á marxe” hai máis narración/descrición, demostrando a súa extraordinaria capacidade de contar (con tonalidades que conforman un verdadeiro calidoscopio de sucesos fuxidíos, contando deles o que non se ve, ou o que el mesmo define como *a súa parte menos vistosa*) que fundamento teórico e dimensión retórico/argumentativa, nos de “A ledicia de ler” sucede ao revés.

Outros estudosos da súa obra de creación dan conta así mesmo da correspondencia entre o modo de facer literatura –ficción– e o modo de construír os artigos e as columnas para a prensa: aquel no que a linguaxe e o artificio se vexa o menos posible, pero no que o mundo evocado ou suxerido teña unha doada representación na mente do lector. Sucede outro tanto na fixación pola dimensión ética da vida, facendo que pasen polo seu filtro tanto os personaxes de ficción como os anónimos personaxes das súas crónicas da vida ordinaria. Extrapolando as súas propias conviccións nesa porfía: as propias dun humanismo cívico, a comprensión e a tolerancia, a liberdade e a forza das emocións. Todo o que se rebela contra o dogmatismo de calquera clase e condición.

Carlos Casares é a demostración máis palpable dos vasos comunicantes que existen entre a Literatura e o Xornalismo. Actualmente é a columna xornalística a que mantén de maneira máis clara ese ton literario dos escritores/colaboradores, que durante a maior parte do século XX estivera especialmente ligado ao ensaio.

Non obstante, abonda con ler dunha atacada os artigos (políticos e culturais) publicados por Carlos Casares en *El País*, para facer que desborde ese enclaustramento.

A hipótese de que é na actualización desa relación como o xornalismo –que vive as súas máis baixas: o obxetivista e desnaturalizador, por descontextualizado, que precisa como sucedera nos anos 50 co chamado “novo xornalismo” o recurso á literatura– pode retomar posicións para recuperar a súa capacidade creativa e comunicativa, cualificando o seu poder de mediación e revitalizando, en definitiva, as súas funcións.

Seguramente Carlos Casares tamén podería dicir, falando da súa experiencia como novelista e narrador de historias, o que dixo en voz alta García Márquez cando presentaba *Crónica de una muerte anunciada*: “ao cabo de moitos anos descubrín algo que moitas veces se nos esquece aos novelistas: que a mellor fórmula literaria é a verdade”. Máis alá do que é común a literatura e xornalismo, a palabra, existe unha corrente subterránea que os fai converxer nun obxectivo común, malia que os recursos que utilizan sexan os que ao mesmo tempo marcan as diferenzas. Daremos con ela se nos preguntamos: existe unha verdade literaria da mesma maneira que existe unha verdade informativa? Porque de ambas as dúas escritas, a literaria e a xornalística, entresacamos formas de coñecemento perseguindo verdades. Diferéncianse no alcance ou esixencia da verdade desde o ámbito de recepción.

O que se lle demanda ao xornalista, como autor de retratos interpretativos e valorativos, é que sexa *verax* –aquel que di sempre a verdade ou que actúa perseguindo honesta e eficazmente a verdade–, e ao literato que constrúa un relato

verídico –aquele que contén verdade ou verdades–, podendo exemplarizalo nas novelas que se basean nun feito verídico, aínda que a globalidade da obra resulte increíble. A mesma sinxeleza expresiva e a limpeza estilística, que teñen tanto nas obras de ficción como nos textos de prensa un protocolo de narración común, contribúen a connotar esa garantía de verdade.